



Girolando (esq.) e jerhol son dous exemplos das novas razas desenvoltoas en América Latina con gran rusticidade e adaptación ao clima

Unha viaxe fascinante por América Latina

Tras catro anos traballando para Laboratorios Hipra no norte de España, en xaneiro de 2015 o veterinario Antonio Souto aterraba en México para ocupar o posto de coordinador dos Servizos Técnicos e Marketing da compañía en América Latina. Nas seguintes páxinas, relata o seu periplo por este continente despois do seu traslado desde o pequeno concello coruñés de Zas ata Guadalajara, a segunda cidade máis populosa de México, con seis millóns de habitantes, ao tempo que nos ofrece un ameno percorrido histórico e cultural por estas terras.

Antonio Souto Ferraz
Servicio Técnico de Mastitis
Ruminants Business Unit
www.hipra.com

GUADALAXARA, O ANTIGO REINO DE NOVA GALICIA

A miña chegada a esta cidade comezou con mal pé. O taxista que me trasladou do aeroporto ao hotel, despois duns minutos de charla, preguntoume se coñecía a Vicente Fernández. Contestelle, naturalmente, con outra pregunta: “Xoga no Real Madrid ou no Barça?”, pensando que quizais era un xogador mexicano na liga española. O home, indignado, case provoca un accidente coa freada: Non coñece vostede o maior músico mexicano de todos os tempos, o universal Vicente Fernández?”. Lembrei entón as rancheiras que cantaba Rocío Durcal e caín na conta, e lembrei tamén, cun calafío, a violenta fama das xentes deste país. Salvei a miña vida e

aprendín que case sempre é mellor calar a boca.

Guadalajara é unha cidade moderna, pero cun gran pasado colonial. Fundada en 1542, recibe o seu nome en homenaxe á cidade natal española de Nuño Beltrán de Guzmán, o seu fundador e primeiro gobernador. É a capital do estado de Jalisco e coñéceselle en México como “A Perla Tapatía”, “A Perla de Occidente” ou “A Noiva de Jalisco”.

Ao pouco de instalarme, descubrín abraiado que non me movín da casa, porque vivía no que fora o Reino de Nova Galicia, que nace en 1531 por orde de Isabel de Portugal, esposa de Carlos I de España e emperatriz do Sacro Imperio Romano Xermánico; por tanto, tamén raíña de España. A súa fundación tiña un obxectivo político: compensar o crecente poder do bando de Hernán Cortés no resto dos territorios conquistados. Tivo inicialmente a súa capital en Santiago de Galicia de Compostela (hoxe é aínda unha pequena aldea co nome de

Compostela) e, máis tarde, trasladase a Guadalajara.

O Reino de Nova Galicia foi o segundo centro administrativo da nova colonia, sede da Real Audiencia de Guadalajara con xurisdición na metade norte do país. Foi un territorio con independencia administrativa, xa que reportaba directamente á Coroa de Castela, ata a súa integración en 1786 no Virreinato de Nova España.

Do seu esplendor pasado dan boa conta os magníficos edificios do seu centro histórico.

Tamén descubro o bo tequila, xa que a pouco menos dunha hora desta cidade se atopa a localidade de Tequila, centro da produción mundial deste máxico destilado; en 2020 saíron das súas adegas máis de 374 millóns de litros.

Prodúcese a partir do agave ou maguey, unha planta de follas grosas e carnosas, pero que na súa raíz forma a cabeza do maguey, unha sorte de piña de entre 30 e 120 kg, a partir da cal se destila o famoso licor.

► EN JALISCO ENCÓNTRASE O MAIOR PRODUTOR DE OVOS DO MUNDO [...], CONTA CUNHA GRAN PRODUCCIÓN PORCINA E É O PRIMEIRO TAMÉN EN PRODUCCIÓN LEITEIRA DE MÉXICO



Planta e cabeza de maguey, da cal se obtén tequila

JALISCO, O MAIOR ESTADO AGROGANDEIRO DE MÉXICO

Jalisco é o maior estado agrogandeiro do país. Alí atópase o maior produtor de ovos do mundo (os mexicanos consomen un ovo diario por cabeza, todas as mañás almorzan ovos), cunha gran

producción porcina e o primeiro tamén en produción leiteira de México. É berce tamén da *charrería*, unha sorte de deporte no que o xinete montado a cabalo demostra a súa destreza co lazo nun espazo chamado “lenzo charro”, similar a unha praza de touros. ►►



ABRISTHOR®

www.abristhor.es

La solución fácil y económica







EASY-COVERING

Naves industriales, agrícolas
y ganaderas

www.easy-covering.com





- Ahorro de hasta un 90% en cimentación.
- Gran aislamiento y luminosidad.
- Ventilaciones automáticas.
- Menor estrés térmico.
- Mejores condiciones internas.

C/ Mª Glez "La Pondala", nº41 -
33393 - Gijón - Asturias   
Tlfn: 985 303 752



Mozos co tradicional traxe de charro

Unha vez instalado en México, empezou a viaxar polo continente: O Brasil, Uruguai, Ecuador, Perú, Colombia, Costa Rica... e comezo a descubrir un fascinante territorio cheo de contrastes. Empezou de verdade a aventura.

A TERRA E AS SÚAS XENTES

América Latina está conformada por vinte países. A enormidade do seu territorio queda patente se comparamos as cifras con España. México, con dous millóns de quilómetros cadrados, ten un tamaño catro veces maior que o noso Estado (pouco máis de medio millón). Arxentina é cinco veces España, pero o territorio do Brasil é dezasete veces o de España!

O continente está habitado por seiscientos vinte millóns de persoas. As súas altas taxas de natalidade (nacementos ao ano por cada mil habitantes) aseguran un crecemento sostido da poboación; supera os dezaseis nacementos por cada mil habitantes, mentres que en España, por exemplo, a taxa de natalidade é de 8,4, é dicir, aquí nacen anualmente a metade de nenos.

O Brasil con 208 millóns de habitantes, México con 124 e Colombia con 49 lideran o *ranking* de países máis poboados. É, por tanto, un continente novo, onde crece o número de consumidores e onde non falta a man de obra.

Castelán e portugués son os idiomas máis falados, pero aínda se conservan algúns precolombinos: quechua na

rexión de Los Andes, con oito millóns de falantes, guaraní con doce ou aymara con 2,2. Se un turista visita a Riviera Maya aínda pode ouvir o idioma dos aztecas, o Náhuatl, que falan uns tres millóns de persoas.

A relixión predominante, ademais do fútbol, segue a ser a católica, pero nas últimas décadas hai un notable incremento de grupos protestantes, especialmente evanxelistas, que conseguiron unha notable influencia política en países como O Brasil.

Mención á parte merecen os menonitas, unha rama pacifista do movemento anabaptista, orixinado no século XVI como expresión radical da Reforma protestante. Os anabaptistas ou rebautizados avogan pola libre elección de crer en Deus e por iso bautizan os seus fiéis xa de adultos.

Firmes crentes na austeridade da Igrexa e na separación Igrexa-Estado, foron perseguidos por propios e estranhos e víronse obrigados a fuxir ao continente americano durante os séculos XIX e XX, onde estableceron comunidades agrícolas no Canadá, México, Paraguai, Uruguai e no Brasil. Ata a actualidade están moi ligadas á produción de leite e queixos. O queixo menonita é moi coñecido e apreciado en México.

Cando un visita as oficinas de inmigración en Guadalaxara, é moi común atoparse cunha destas familias. É unha estampa adorable que nos leva moitos séculos atrás. ►►



Os menonitas están moi ligados á produción de leite e queixo. Na foto, familia menonita en Durango (México)

► O CENSO VACÚN EN AMÉRICA LATINA É DE 400 MILLÓNS DE CABEZAS, O 28 % DO CENSO MUNDIAL. UN CASO CURIOSO É O DE URUGUAI, CON CASE CATRO VECES MÁIS VACAS QUE HABITANTES

La ganadería del futuro



Gestione mejor con UNIFORM

www.uniform-agri.com

+34 695 45 67 35

✉ almudena@uniform-agri.com

Ver vídeo





As razas girolando (esq.) e jerhol (dta.) están amplamente distribuídas polo Brasil, Paraguai, Colombia e América Central

▶ EN COLOMBIA E OUTROS PAÍSES A JERHOL SUPUXO UNHA MELLORA NOS SISTEMAS DE PRODUCCIÓN DE LEITE EN PASTOREO RESPECTO ÁS HOLSTEIN, AO PASAR DUNHA A TRES VACAS POR HECTÁREA

O clima latinoamericano é tropical preto da liña do ecuador, cambiando a climas máis tépedos e fríos a medida que se avanza cara ao sur do continente. Podemos atopar zonas desérticas, coma no norte de México e climas tropicais e subtropicais, ata climas máis parecidos ao atlántico no sur do Brasil.

Os latinoamericanos son xente con gran sentido do humor e enorme vitalidade, orgullosos da súa historia e a súa cultura e moi solidarios. Unha palabra tan de moda como “resiliencia” parece inventada para eles: a adaptación ás circunstancias é neles proverbial. Fai-lles moita falta, porque padecen males endémicos coma a corrupción e o narcotráfico, que frean o desenvolvemento social de moitos territorios.

Algúns mexicanos dicíanme con humor que era a herdanza que deixáramos os españois no continente, pero é, sobre todo, unha rexión que destaca pola súa xente. Unha proba diso é a que nos ofrece o mexicano Dorian Ulises López, quen percorre o país fotografando xente anónima e cando lle preguntan a que se dedica, responde: “Fotografo xente fermosa, porque aquí está a xente máis fermosa do mundo”

O SEU CENSO DE VACAS OCUPA O 28 % MUNDIAL

O censo vacún en América Latina é de 400 millóns de cabezas, o 28 % do censo mundial. Un caso curioso é o de Uruguai, con case catro veces máis vacas que habitantes.

E non só hai vacas frisoas; estas predominan nas granxas de alta produción, pero a produción de leite é tamén unha historia de adaptación nas vacas nesta terra. Desenvolvéronse novas razas con maior rusticidade e adaptación ao clima, das cales girolando e jerhol son dous bos exemplos.

Ranking de cabezas bovinas por países

	Millóns de vacas
O Brasil	219
México	16
Uruguai	11
Colombia	22
Perú	6
Arxentina	52
Chile	2,4
Paraguai	13
Bolivia	6
Ecuador	5
Costa Rica	1,3
Venezuela	15,5

No Brasil, a partir dos anos co-renta do século XX, desenvolveuse o **gando girolando** como cruzamento entre holstein e gyr. O gir ou gyr é unha das principais razas de cebú orixinarias da India. Os girolando son animais de tamaño mediano, constitución robusta e unha cabeza prominente. Aos cinco anos os touros pesan unha media de 750 kg e as vacas 450 kg.

Cunha produción media ao redor dos 4.000 litros, o pico de produción nesta raza chega aos dez anos de idade e poden mantela satisfactoriamente ata os 15: lonxevidade, rusticidade e fertilidade son os tres puntos fortes desta raza.

Ambas as razas, girolando e gyr, están amplamente distribuídas polo Brasil, Paraguai, Colombia e Centro América. ▶▶



Retratos do proxecto “Mexicano”, de Dorian Ulises López, que se expuxeron no Museo Whitney de Nova York dous meses antes da toma de posesión de Trump, como resposta ás súas declaracións racistas contra os mexicanos (<https://www.instagram.com/dorianuliseslopezmacias/>)

Empresa de Nutrición
y Salud Animal

dellait™ España

*Maximizamos la eficiencia técnica y económica
de las ganaderías de vacuno lechero*

*Un equipo científico,
internacional y multidisciplinar*



Dellait España S.L.

Plaza del Pan, n 11, 2 - 5

Talavera de la Reina, 45600, Toledo

Contacto: 613 017 132 | 613 017 134.

info@dellait.com | www.dellait.com



Muxido en potrero nunha finca colombiana (Jorge Granados)

A **raza jerhol** é un cruzamento entre holstein e xersei. As vacas teñen de media un tamaño de 400 kg e poden chegar a producir 28-30 litros diarios. A súa adaptabilidade a diferentes climas, a facilidade de parto e a rusticidade son tres das súas mellores características.

En Colombia e outros países esta raza supuxo unha mellora nos sistemas de produción de leite en pastoreo respecto das holstein, ao pasar dunha a tres vacas por hectárea.

A PRODUCCIÓN DE LEITE

O continente produce 71 millóns de toneladas anualmente. Parece unha cifra pequena para os seus 620 millóns de almas, sobre todo se o comparamos coa UE, con 155 millóns de toneladas para 448 millóns de habitantes.

O consumo per cápita de leite en moitos dos países está aínda moi lonxe dos 170 litros anuais mínimos por persoa recomendados pola OMS. Iso explica as cifras.

Aínda que si se superan en Costa Rica, Uruguai ou Arxentina, a maioría dos países teñen aínda por diante un aumento sostido do consumo interno.

O Brasil con 34 millóns de TM, México con 12 millóns e Arxentina con 10 lideran a produción de leite.

Os prezos pagados ao produtor son moi similares ao panorama europeo. Na Arxentina, Uruguai e Colombia reciben 0,31 €/litro, no Brasil e México, 0,35 €, mentres que en Perú (0,39 €) e Costa Rica (0,50 €) son os países onde se observan mellores prezos.

Os sistemas de produción (cuadras, leiras, *tambos*, facendas...) son dependentes do clima. O *free stall* predomina nas granxas de alta produción en México, Perú, Costa Rica, O Brasil, Chile e Arxentina, con tamaños similares aos europeos de 50 ata 5.000 vacas en muxido. Na Comarca Lagunera da zona semidesértica do norte de México atópanse cortellos con ata 20.000 vacas en muxido, enormes granxas co sistema *dry lot* americano, pero é a excepción.

O pastoreo segue a ser a forma de producir leite na maioría dos países latinoamericanos, sobre todo Centro América e Colombia, pero neste último país existe unha curiosa forma de muxir: o **muxido en potrero**, no cal as vacas non van á sala de muxido, senón que é a sala a que se despraza ás zonas de pastoreo.

▶ OS PREZOS PAGADOS AO PRODUTOR SON MOI SIMILARES AO PANORAMA EUROPEO. NA ARXENTINA, URUGUAI E COLOMBIA RECIBEN 0,30 €/LITROS; NO BRASIL E MÉXICO, 0,35 €

O FUTURO

O crecemento sostido da poboación, a alta dispoñibilidade de materias primas e a man de obra e o crecemento interno do consumo fan que as perspectivas da produción de leite sigan sendo un bo negocio para as próximas décadas. Oxalá sexa o futuro brillante que esta terra e as súas xentes se merecen.

AGRADECIMENTOS

No camiño atopei xente extraordinaria. Grazas a Ariel Hernández e ao equipo Hipra de México, a Óscar Araya (Costa Rica), a Jorge Granados (Colombia), a Equipo Hipra (Perú), a Rafael Capozzol (Uruguai) e a Rafael Ortega (O Brasil). ■



CAIXA RURAL
GALEGA

ruralvía

> caixaruralgalega.gal



A nosa caixa



distribuidores de **STgenetics** desde 2008

EL MEJOR PROGRAMA GENÉTICO

PRUEBAS DE DICIEMBRE 2021

CHARL N° 3 TPI USA

DELTA-LAMBDA N° 2 LPI CANADA

21 TOROS de más de 2.900 en GTPI

11 TOROS de más de 1.000 en MÉRITO NETO

TOROS STYLE

BEEF ON DAIRY – TOROS DE CARNE

TRIPLE IMPACTO

Solicita información a tu distribuidor de zona

STgenetics®

Información y pedidos: ALBA S&T NUTRITION, S.L.

Cornado 20, Chapa • 36540 SILLEDA (Pontevedra) • Tel.: 646 437 497 • e-mail: sexingalba@gmail.com